

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA A INSCRIPCIÓN NO IX INTERNATIONAL SYMPOSIUM ON MARINE SCIENCES (ISMS) NO CURSO ACADÉMICO 2023/2024

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

Cada dous anos a Asociación Nacional de Equipas Decanais das Facultades de Ciencias do Mar, á que pertence a Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo, organiza o INTERNATIONAL SYMPOSIUM ON MARINE SCIENCES (ISMS). A Universidade de Vigo considera necesario establecer unha convocatoria de bolsas que facilite a participación do estudantado en ciencias mariñas no congreso xa que supón unha magnífica oportunidade para a presentación de avances e resultados dos seus Traballos Fin de Grao e/ou Traballos Fin de Máster.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 13 bolsas para a inscrición (presencial ou online) ao IX International Symposium on Marine Sciences (ISMS) que terá lugar do 10 ao 12 de xullo de 2024 en Valencia, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A INSCRICIÓN NO IX
INTERNATIONAL SYMPOSIUM ON MARINE SCIENCES (ISMS) NO CURSO ACADÉMICO
2023/2024****1. OBXECTO**

A Universidade de Vigo considera necesario establecer un programa que subvencione total ou parcialmente o custo ocasionado ao estudantado por razón da súa participación en actividades de interese educativo, como o devandito congreso, que favorezan a formación integral do estudantado.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado da Universidade de Vigo matriculado no curso 2023/2024 no grao en Ciencias do Mar ou no mestrado en Oceanografía.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é incompatible con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade. O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 0003 111LL00 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.600 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía da bolsa será o custo de inscrición no congreso. Trátase dunha axuda en especie cuxa contratación someterase á Lei de contratos do sector público segundo establece a disposición quinta da Lei xeral de subvencións.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o *formulario en liña* no seguinte enlace

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> /Bolsas CC do Mar ISMS

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **23 de maio de 2024, ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase, de ser o caso, a seguinte documentación:



- Curso/s acreditativo/s do coñecemento da lingua inglesa.
- Acreditación da participación en congresos relacionados coa materia.
- Acreditación da presentación dun Abstract.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual dirixido a Sección de Axudas e Bolsas. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- No caso do estudantado de continuación, nota media do expediente da titulación de grao no que está matriculado ou nota media de acceso no caso de estudantado que inicia estudos de grao, no caso do mestrado a nota media do grao que lle deu acceso: **80%**
- Cursos acreditativos do coñecemento do Inglés: **15%**
- Participación en congresos (nacional e/ou internacional) relacionados coa materia: **5%**

En todo caso terá preferencia o estudantado que presente unha comunicación (oral ou poster) en inglés ao ISMS (abstract).

A Comisión de selección está composta por:

Presidente: Miguel Ángel Nombela Castaño, profesor da Facultade de Ciencias do Mar

Vogais:

Elsa Vázquez Otero, catedrática de universidade da Facultade de Ciencias do Mar

Óscar Nieto Palmeiro, profesor da Facultade de Ciencias do Mar

Estefanía Rosendo Paredes, investigadora posdoutoral da Universidade de Vigo

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaria virtual dirixido a Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, esta enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.



A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, e producirán os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse a través do enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

No caso de renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal/) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias deberán presentar unha vez finalizado o congreso acreditación da súa participación.

As persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da



solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf

Código seguro de Verificación : GEN-27a8-e002-6a09-c088-f0d9-9fda-f447-4b0c | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-27a8-e002-6a09-c088-f0d9-9fda-f447-4b0c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 03/05/2024 12:16 | NOTAS : F